

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de VALORES ÉTICOS E CÍVICOS para o 3º curso de ESO tendo como referencia o DECRETO 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tívose en conta en primeiro lugar a especificidade desta materia que pasa a ser obrigatoria para este nivel da ESO.

FINALIDADE. A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Dous propósitos atópanse relacionados entre si, pois non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo con os obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao final do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso ao obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

DESENVOLVEMENTO DOS CATRO ÁMBITOS COMPETENCIAIS FUNDAMENTAIS. A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de profundización e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os que se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconocimiento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociales. Á súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociales que orientan á convivencia.

IMPORTANCIA DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN. En canto aos criterios de avaliación, estes fórmulanse en relación directa con cada un dos catro obxectivos da materia e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos da aprendizaxe, o cal esixe o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

DISTRIBUCIÓN POR BLOQUES. Os criterios de avaliación e os contidos da materia distribúense en tres bloques. **PRIMEIRO BLOQUE.** No primeiro deles, denominado «Autoconocimiento e autonomía moral», trátase de convidar o alumnado a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e difereza como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación esixe, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión sobre os valores, principios e normas que orientan as nosas accións como persoas e cidadáns. Á súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou a influencia dos medios e redes de comunicación.

SEGUNDO BLOQUE. No segundo dos bloques, denominado «Sociedade, xustiza e democracia», preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais ás que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar

e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Despois desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática, etc.), así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos na contorna escolar e cotiá do alumnado.

TERCEIRO BLOQUE. Para finalizar, no terceiro bloque, denominado «Desenvolvemento sostible e ética ambiental» perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento sistémico, unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodependencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociales que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade, etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sostible que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna.

OS CRITERIOS DE CORRECCIÓN E OS INDICADORES DE LOGRO especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados, Desenvólvense polo tanto na programación ao longo dunha avaliación en nove unidades didácticas.

O CONTEXTO DE CENTRO. Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación se desenvolve no IES XELMIREZ II Os CEIPs adscritos son o Arquitecto Casas Novoa, o Apóstolo Santiago, compartido co IES de Sar, o de Vite, o CEIP de prácticas López Ferreiro, compartido co IES Xelmírez I, e o CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, compartido co IES Antonio Fraguas.

No 3º curso de ESO, o alumnado procede, ademais do propio centro, de tres centros adscritos: do IES de Oroso, do CPI de Bembibre (Val do Dubra) e do CPI Viaño Pequeno (Trazo). Recibir alumnado de catro concellos distintos singularízanos en Santiago, e implica unha diversidade que enriquece a convivencia no centro. Sen embargo supón para o alumnado unha dificultade engadida para os desprazamentos, por non haber moitas alternativas de transporte público. Nos últimos anos o crecemento poboacional na zona norte de Santiago determinou un incremento no número do alumnado, e un cambio no seu perfil sociocultural, que está a elevarse.

O nivel socioeconómico dominante é o de clase media. Entre as familias con menos recursos o impacto da crise iniciada hai dez anos elevou as taxas de paro e diminuíu os seus recursos. As crises económicas dos últimos anos están a ter tamén un forte impacto que debe ser tido en conta no deseño das actividades do centro.

No centro está escolarizado alumnado de minorías étnicas, con predominio da xitana. Se ben representan un modesto porcentaxe do total da matrícula, concéntranse en 1º e 2º ESO (poucos superan ese nivel) e presentan problemas académicos e con frecuencia de conduta derivados da súa falta de expectativas escolares. En tódolos casos o Departamento de Orientación establece estratexias para concienciar o alumnado e as súas familias da necesidade de acadar unha titulación e poder aumentar as súas expectativas sociais e laborais.

Nos últimos anos foise elevando o número de alumnado inmigrante que xunto coas minorías étnicas, o centro sitúa entre as súas prioridades para poder acadar o éxito educativo destes colectivos e o desenvolvemento pleno das capacidades deste alumnado.

O nivel de 3º de ESO para a materia de Valores Éticos e Cívicos esta composto 4 grupos que suman en total 105 alumnos e alumnas de entre 13 e 15 anos. Os principais elementos de atención á diversidade son referidos ao alumnado con Dislexia, Deficiencia Visual, TEA, TDAH, Trastorno específico da linguaxe e mutismo selectivo, Trastorno do neurodesenvolvemento que afecta ao aprendizaxe, ás habilidades comunicativas, a atención, alumnado con Altas Capacidades e alumnado en alerta escolar, tendo previsto o seguimento desde Titoría, Departamento, Orientación e a correspondente Programación de Aula da materia coa finalidade de aplicar oportunamente os correspondentes protocolos da Xunta de Galicia para estes casos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1. IDENTIDADE PERSOAL E VIDA AFECTIVA	1. A investigación ética. Pensamento crítico e filosófico. 2. Natureza humana (dignidade, liberdade). 3. A identidade persoal. 4. Educación emocional e sentimental. 5. A autoestima persoal. 6. A igualdade e o respecto mutuo nas relacións afectivas. 7. As relacións de amizade. 8. Educación afectivo-sexual.	17	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1. IDENTIDADE PERSOAL E VIDA AFECTIVA		17	6	X		
2	Unidade 2. A REFLEXIÓN ÉTICA	1. A ética como guía das nosas accións. 2. Universalismo e pluralismo moral. 3. Teorías éticas. Felicidade, virtude e deber. 4. Obxección de conciencia e desobediencia civil. 5. O conflito entre lexitimidade e legalidade. 6. Desinformación, protección de datos e intimidación. 7. Ciberacoso e violencia nas redes sociais. 8. Redes sociais, equilibrio persoal e relacións afectivas.	17	6	X		
3	Unidade 3. A DIMENSIÓN SOCIOPOLÍTICA DO SER HUMANO	1. Orixe e natureza da sociedade. 2. Importancia do diálogo e a argumentación. 3. A actividade política. 4. A democracia como forma de goberno. 5. O Estado de dereito. 6. Formas de violencia política. 7. Os dereitos humanos e a súa relevancia ética. 8. Os dereitos da infancia.	17	6		X	
4	Unidade 4. PROBLEMAS MORAIS DO noso TEMPO	1. A loita contra a pobreza. 2. Globalización e desigualdade económica. 3. O feminismo e a igualdade de xénero. 4. Violencia de xénero vs violencia doméstica. 5. Interculturalismo e respecto pola diversidade. 6. Fins e límites éticos da ciencia. 7. Bioética, intelixencia artificial e transhumanismo. 8. Accións en favor da paz.	17	6		X	
5	Unidade 5. A PREOCUPACIÓN POLA NATUREZA	1. O ser humano e a súa relación coa natureza. 2. O esgotamento dos recursos naturais. 3. Pegada ecolóxica e emerxencia climática. 4. Ética ambiental e problemas ecosociais. 5. O ecofeminismo e a ética do coidado. 6. A teoría do decrecemento	16	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5. A PREOCUPACIÓN POLA NATUREZA	7. A economía circular. 8. A economía azul.	16	6			X
6	Unidade 6. UN MUNDO SOSTIBLE	1. O desenvolvemento sostible 2. Obxectivos de desenvolvemento sostible 3. Consumo responsable. 4. Movilidade seguridade e sostible. 5. A teoría biocentrista. 6. Os dereitos dos animais e da natureza. 7. Alimentación e soberanía alimentaria. 8. Comunidades resilientes e de transición.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1. IDENTIDADE PERSOAL E VIDA AFECTIVA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Saber construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo a través de 12 características de personalidade as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber a definición de intelixencia emocional no seu orde etimolóxico e os principais elementos que a caracterizan (empatía, asertividade e resiliencia), de xeito que se poida identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber expoñer as posicións éticas e morais nun exercicio continuo de deliberación racional integrando aqueles conceptos éticos xa impartidos aos principais problemas que se presentan na convivencia diaria (responsabilidade con un mesmo/a no exercicio de dereitos de todo tipo).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Demostrar un dominio das emocións básico que permita o respecto cara un mesmo e aos demais detectando en contextos prácticos cal debería ser eses control esixido, argumentando tal decisión		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Entender a importancia de promover o ben común como principal enlace para poder entender a finalidade social e política do ser humano a partir de textos e conceptos básicos.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Saber solucionar mediante a oportuna xestión da educación emocional distintos problemas na orde individual, social e política solucionando problemas propios e alleos a través de distintas situacións e soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2. A REFLEXIÓN ÉTICA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Achegarse a un concepto axustado de si mesmo e ás posibilidades de proxección hacia os outros dende as distintas dimensións.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos de xeito empático cos demais, e sábese argumentar esta intelixencia sobre casos prácticos.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber deliberar racionalmente sobre distintos temas prácticos nos que se interroga e emprega autónomamente os principais conceptos éticos asimilados.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Demostrar xestión equilibrada das emocións en distintas cuestións éticas e cívicas e saber argumentalas racionalmente tanto oral como escrita		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente o valor de conceptos clave para a convivencia pacífica e democrática nun grupo, sociedade ou Estado de dereito.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Saber identificar con precisión, analizar e avanzar posibles solucións realistas e posibles para cuestións éticas de actualidade como poden ser a desigualdade, pobreza, fame educación, xustiza, democracia e os límites e control da investigación humana en distintos ámbitos.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Destacar os principais elementos que permiten avanzar nunha sociedade de igualdade e coeducación destacando os avances históricos neste eido así como os retos que se presentan no día a día para a consecución dnha verdadeira e efectiva igualdade de xénero.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Conocer, valorar, reconocer e adiantar posibles contribucións para a mellora da democracia, o estado de dereito e as institucións internacionais que permitan un mundo mellor para a igualdade, a inclusión, a convivencia e a coperación.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Conocer, destacar e argumentar os principais elementos que se consideran fundamentais para un desenvolvemento sustentable tanto na contorna máis próxima, como no mundo global		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Saber xestionar e argumentar as emocións aplicadas a distintas situacións nas que se reflexione sobre cuestións éticas e cívicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.

Contidos

- A natureza humana.
- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.
- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.
- A educación de emocións e sentimentos.
- A autoestima persoal.
- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.
- A educación afectivo-sexual.
- Análise das accións.
- Os motivos da acción: desexos e razóns.
- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.
- A política.
- A memoria democrática.
- Os desafíos da democracia actual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3. A DIMENSIÓN SOCIOPOLÍTICA DO SER HUMANO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Achegarse a un concepto axustado de si mesmo e ás posibilidades de proxección hacia os outros dende a dimensión sociopolítica.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos de xeito empático cos demais, e sábese argumentar esta intelixencia sobre casos prácticos na dimensión sociopolítica.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber deliberar racionalmente sobre distintos temas prácticos nos que se interroga e emprega autónomamente os principais conceptos éticos na dimensión sociopolítica.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Demostrar a xestión equilibrada das emocións en distintas cuestións éticas e cívicas na dimensión sociopolítica e saber argumentalas racionalmente tanto oral como escrita.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente a historia e o valor dos DDHH a través da DUDH, o respecto pola diversidade etnocultural e o valor da solidariedade a través dos instrumentos de fiscalidade xusta e redistribuidora. nos estados de benestar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Conocer, valorar, reconocer e adiantar posibles contribucións para a mellora da democracia, o estado de dereito e as institucións internacionais que permitan un mundo mellor para a igualdade, a inclusión, a convivencia e a cooperación.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Conocer, destacar e argumentar os principais elementos que se consideran fundamentais para un desenvolvemento sustentable tanto na contorna máis próxima, como no mundo global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - Análise das accións. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.

Contidos

- A ética na sociedade actual.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.
- A sociedade humana: natureza e orixe.
- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A convivencia social.
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
- A resolución pacífica de conflitos.
- A empatía cos demais.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.

Contidos

- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4. PROBLEMAS MORAIS DO noso TEMPO	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Achegarse a un concepto axustado de si mesmo e ás posibilidades de proxección hacia os outros dende as distintas dimensións.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos de xeito empático cos demais, e sábese argumentar esta intelixencia sobre casos prácticos na dimensión sociopolítica.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber deliberar racionalmente sobre distintos temas prácticos nos que se interroga e empregue autónomamente os principais conceptos éticos asimilados		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente o valor de conceptos clave para a convivencia pacífica e democrática nun grupo, sociedade ou Estado de dereito.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Amosar determinación cara a unha cidadanía activa a través do coñecemento das formas de participación institucional e non institucional a través dos principios éticos e cívicos.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Saber identificar con precisión, analizar e avanzar posibles solucións realistas e posibles para cuestións éticas de actualidade como poden ser a desigualdade, pobreza, fame educación, xustiza, democracia e os límites e control da investigación humana en distintos ámbitos.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Destacar os principais elementos que permiten avanzar nunha sociedade de igualdade e coeducación destacando os avances históricos neste eido así como os retos que se presentan no día a día para a consecución dnha verdadeira e efectiva igualdade de xénero.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente a historia e o valor dos DDHH a través da DUDH, o respecto pola diversidade etnocultural e o valor da solidariedade a través dos instrumentos de fiscalidade xusta e redistribuidora. nos estados de benestar.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Conocer, valorar, reconocer e adiantar posibles contribucións para a mellora da democracia, o estado de dereito e as institucións internacionais que permitan un mundo mellor para a igualdade, a inclusión, a convivencia e a coperación.		
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Saber describir mínimamente as relacións necesarias e os avatares históricos entre o individuo e a súa contorna, dende os valores da ecoloxía e a sociedade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Coñecer e saber argumentar sobre a Axenda 2030 e distinguir as vertentes que presenta esta axenda a nivel de respostas científicas, éticas e políticas.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Conocer, destacar e argumentar os principais elementos que se consideran fundamentais para un desenvolvemento sustentable tanto na contorna máis próxima, como no mundo global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - Análise das accións. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións.

Contidos

- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5. A PREOCUPACIÓN POLA NATUREZA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Saber construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo a través de 12 características de personalidade as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber a definición de intelixencia emocional no seu orde etimolóxico e os principais elementos que a caracterizan (empatía, asertividade e resiliencia), de xeito que se poida identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber deliberar racionalmente sobre distintos temas prácticos nos que se interroge e empregue autónomamente os principais conceptos éticos asimilados		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente o valor de conceptos clave para a convivencia pacífica e democrática nun grupo, sociedade ou Estado de dereito.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Amosar determinación cara a unha cidadanía activa a través do coñecemento das formas de participación institucional e non institucional a través dos principios éticos e cívicos.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Saber identificar con precisión, analizar e avanzar posibles solucións realistas e posibles para cuestións éticas de actualidade como poden ser a desigualdade, pobreza, fame educación, xustiza, democracia e os límites e control da investigación humana en distintos ámbitos.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Destacar os principais elementos que permiten avanzar nunha sociedade de igualdade e coeducación destacando os avances históricos neste eido así como os retos que se presentan no día a día para a consecución dnha verdadeira e efectiva igualdade de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente a historia e o valor dos DDHH a través da DUDH, o respecto pola diversidade etnocultural e o valor da solidariedade a través dos instrumentos de fiscalidade xusta e redistribuidora. nos estados de benestar.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Conocer, valorar, reconocer e adiantar posibles contribucións para a mellora da democracia, o estado de dereito e as institucións internacionais que permitan un mundo mellor para a igualdade, a inclusión, a convivencia e a coperación.		
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Saber describir mínimamente as relacións necesarias e os avatares históricos entre o individuo e a súa contorna, dende os valores da ecoloxía e a sociedade.		
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Coñecer algunhas das formulacións máis importantes que dende a ciencia, a ética e a política se presentan para solucionar o problema do clima e o medioambiente.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Conocer, destacar e argumentar os principais elementos que se consideran fundamentais para un desenvolvemento sustentable tanto na contorna máis próxima, como no mundo global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A educación de emocións e sentimentos. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - Análise das accións. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións.

Contidos

- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.
- A convivencia pacífica e segura.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.

Contidos

- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6. UN MUNDO SOSTIBLE	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Saber construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo a través de 12 características de personalidade as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Saber a definición de intelixencia emocional no seu orde etimolóxico e os principais elementos que a caracterizan (empatía, asertividade e resiliencia), de xeito que se poida identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Saber deliberar racionalmente sobre distintos temas prácticos nos que se interroga e emprega autónomamente os principais conceptos éticos asimilados		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Demostrar xestión equilibrada das emocións en distintas cuestións éticas e cívicas e saber argumentalas racionalmente tanto oral como escrita.		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente o valor de conceptos clave para a convivencia pacífica e democrática nun grupo, sociedade ou Estado de dereito.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.</p>	<p>Amosar determinación cara a unha cidadanía activa a través do coñecemento das formas de participación institucional e non institucional a través dos principios éticos e cívicos.</p>		
<p>CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.</p>	<p>Saber identificar con precisión, analizar e avanzar posibles solucións realistas e posibles para cuestións éticas de actualidade como poden ser a desigualdade, pobreza, fame educación, xustiza, democracia e os límites e control da investigación humana en distintos ámbitos.</p>		
<p>CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.</p>	<p>Destacar os principais elementos que permiten avanzar nunha sociedade de igualdade e coeducación destacando os avances históricos neste eido así como os retos que se presentan no día a día para a consecución dnha verdadeira e efectiva igualdade de xénero.</p>		
<p>CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.</p>	<p>Saber identificar, conceptualizar e argumentar racionalmente a historia e o valor dos DDHH a través da DUDH, o respecto pola diversidade etnocultural e o valor da solidariedade a través dos instrumentos de fiscalidade xusta e redistribuidora. nos estados de benestar.</p>		
<p>CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.</p>	<p>Conocer, valorar, reconocer e adiantar posibles contribucións para a mellora da democracia, o estado de dereito e as institucións internacionais que permitan un mundo mellor para a igualdade, a inclusión, a convivencia e a coperación.</p>		
<p>CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.</p>	<p>Saber describir mínimamente as relacións necesarias e os avatares históricos entre o individuo e a súa contorna, dende os valores da ecoloxía e a sociedade.</p>		
<p>CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.</p>	<p>Coñecer algunhas das formulacións máis importantes que dende a ciencia, a ética e a política se presentan para solucionar o problema do clima e o medioambiente</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Conocer, destacar e argumentar os principais elementos que se consideran fundamentais para un desenvolvemento sustentable tanto na contorna máis próxima, como no mundo global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A educación de emocións e sentimentos. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - Análise das accións. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - As condutas adictivas. - A convivencia pacífica e segura. - O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial.

Contidos

- As propostas transhumanistas.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.
- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.
- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.
- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.
- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.
- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento.

O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer reflexivo ético e moral sobre os valores éticos e cívicos e a súa implementación aos distintos problemas que son asumidos como ptefetes para esta materia no nivel de 3º da ESO. O obxectivo fundamental será sempre o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, para iso se promoverán as destrezas de aplicacións das vertentes éticas e morais á vida diaria.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Promover a lectura comprensiva e a exposición de ideas e pensamento propio e autónomo en público dominando unha oratoria mínima para este nivel.
- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.

- Promover a lectura e análise de textos, e outros formatos comunicativos (video, foto e noticias de xornais) así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Proceso. Faraxe unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveránse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará tanto individualmente como en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Esixencia do traballo de clase (tarefas diversas dende a lectura pública, a oratoria, como a realización das tarefas e traballos esixidos).

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación dunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informara individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro (cumprimento co calendario de lecturas previstas) coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Manual obrigatorio. Valores éticos e Cívicos. Proxecto Educa. Apuntamentos propios do docente e explicacións de clase a recoller no caderno de clase.

O manual propio da materia: Valores Éticos e Cívicos. Proxecto Educa. Adaptados á LOMLOE, para 3º da ESO 2022. O manual inclúe un complemento denominado Técnicas básicas para falar en público que o alumnado deberá consultar permanentemente.

Apuntamentos e explicacións de clase (exposición en pizarra, pantalla dixital e en distintos soportes que se proporcionen).O profesorado proporcionará varios documentos por trimestre no que se recollerán os apuntamentos básicos que deberá manexar o alumnado para a preparación dos contidos. Especial consideración merece a complementariaidade dos apuntamentos proporcionados polo docente coas prácticas de destrezas e situacións de aprendizaxe.. Estes apuntamentos complementátese, á súa vez, cos documentos de ampliación e explicacións de clase que o alumnado estará obrigado a recoller posto que serán esixidos na avaliación dos contidos na proba escrita de cada trimestre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá na definición dunha serie de conceptos básicos aos que o alumnado deberá achegarse tratando de caracterizalos brevemente. De seguido deberá realizar un breve ensaio crítico por escrito a partir dunha noticia de actualidade que se proporcionará na pantalla dixital da aula. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita, o grao de familiaridade cos conceptos propios da materia (a nivel de cultura xeral), avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Deste xeito, permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rascos específicos e individuais do alumnado.

Cunha taboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula, se avaliara así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

Esta proba terá unha avaliación cualitativa (non cuantitativa) tratando de advertir de posibles problemas nesa comprensión, manexo conceptual, argumentación causal e dominio léxico, pensamento autónomo e crítico, e actitude de traballo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

* CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Probas escritas.

As probas escritas de VALORES ÉTICOS E CÍVICOS en cada un dos trimestres constan sempre de 2 Partes:

PARTES DE CADA PROBA ESCRITA DE TRIMESTRE (2 partes: I,II)

I. PROBA CON PREGUNTAS A PARTIR DUN TEXTO/DESTREZAS (Total 6 puntos, 60% da nota total da avaliación). Estas preguntas poden ser: de identificar respostas verdadeiras e falsas, de desenvolvemento, de encher ocos, de unir entre varias cuestións identificables, ou ben a partir dun caso resolto establecer cal das respostas que se acompañan é a correcta. En cada pregunta se indicará o seu valor ou se non se indica entenderase que todas valen o mesmo.

II. TRABALLO E/OU ACTIVIDADES DE CLASE (Total 3 puntos, 30% da nota total da avaliación). Actividades realizadas en clase, ou encargadas en clase, que a persoa docente considere que serán de avaliación e entrega obrigatoria. Farase nota media entre todas as actividades feitas na avaliación.

Criterios de cualificación:

durante o trimestre. Terase en conta ata un total de 1 punto (10% da nota):

A) A actitude académica da/o alumna/o na clase (esfuerzo, atención, interese, participación, etc) poderá ser motivo de beneficio ou, pola contra, penalización ata un máximo de 0,40 puntos.

B) O comportamento negativo cara a convivencia e o respecto co resto do alumnado da clase conforme aos valores éticos e cívicos recollidos como curriculares na materia, poderá penalizarse con 0,40 puntos.

C) A falta reiterada do material esixido para a clase (caderno de clase, manual esixido, etc) poderá ser penalizada con 0,20 puntos, adicionais ás anteriores.

Cada docente que imparte a materia VALORES ÉTICOS E CÍVICOS poderá recoller as propostas de substitución de

cada parte que considere oportunas, sen modificar o peso de cada parte, sempre previa comunicación ao alumnado. Igualmente poderá considerar a oportunidade de máis dunha proba por trimestre sempre coa mesma forma, ou por partes soltas (I,II).

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo:

(1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5).

(2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Se o alumno/na non supera a proba trimestral deberá realizar:

-UNHA RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN ORDINARIA. Esta recuperación da avaliación terá a mesma forma que a proba escrita ordinaria, é dicir, as mesmas partes recollidas arriba.

Criterios de recuperación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O procedemento de recuperación é o seguinte:

-UNHA RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN ORDINARIA (xa recollida arriba).

-UNHA RECUPERACIÓN FINAL (ÚLTIMA SEMANA DE MAIO /PRIMEIRA DE XUÑO). A esta recuperación final deberá asistir obrigatoriamente o alumnado que presente a finais de curso (finais de maio): un, dous ou tres trimestres suspensos.

- 1 só trimestre suspenso se avaliarán os CME correspondentes a ese trimestre suspenso. O alumnado que, a pesar de ter suspenso un trimestre, a media aritmética dos tres trimestres ordinarios sexa 5,00 puntos non estará obrigado a realizar a recuperación final. Para o alumnado con un trimestre suspenso a nota acadada nesta proba final será o 100 % para a media aritmética cos demais trimestres aprobados.

- 2 ou 3 trimestres suspensos: unha única proba cos CME correspondentes ao curso completo. Con 2 ou 3 trimestres suspensos a nota acadada nesta proba final será o 100 por 100 da nota final do alumno en xuño.

A Proba Final de maio terá a seguinte forma

- Proba con preguntas a partir dun texto. Estas preguntas poden ser: de identificar respostas verdadeiras e falsas, de desenvolvemento, de encher ocos, de unir entre varias cuestións identificables, ou ben a partir dun caso resolto establecer cal das respostas que se acompañan é a correcta. En cada pregunta se indicará o seu valor ou se non se indica entenderase que todas valen o mesmo.

-PROBA EXTRAORDINARIA

Unha vez coñecidas as notas na avaliación final, a partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias. O alumnado suspenso terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño.

O alumnado coa materia superada nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación. Serán obxecto de avaliación na Proba Extraordinaria a totalidade de CME e terá a seguinte forma:

- Proba con preguntas a partir dun texto. Estas preguntas poden ser: de identificar respostas verdadeiras e falsas, de desenvolvemento, de encher ocos, de unir entre varias cuestións identificables, ou ben a partir dun caso resolto establecer cal das respostas que se acompañan é a correcta. En cada pregunta se indicará o seu valor ou se non se indica entenderase que todas valen o mesmo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PLAN DE PENDENTES

PLAN DE PENDENTES. Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade).

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

O departamento de Filosofía propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en tres parciais e unha recuperación final. As datas dependerán do que indique a Xefatura de Estudos.

PLAN DE PENDENTES DE VALORES ÉTICOS E CÍVICOS.

I. CALENDARIO. A RECUPERACIÓN DE PENDENTES para o alumnado de VALORES ÉTICOS (curso 2023-24) que ten pendente VALORES ÉTICOS (curso 2022-23) consta de 3 probas parciais + unha proba de Recuperación Final.

1ª PROBA PARCIAL. Aproximadamente dúas semanas antes da primeira avaliación (Contidos do 1º trimestre)

2ª PROBA PARCIAL. Aproximadamente dúas semanas antes da segunda avaliación (Contidos do 2º trimestre).

3ª PROBA PARCIAL. Aproximadamente tres semanas antes da terceira avaliación (Contidos do 3º trimestre).

EXAME RECUPERACIÓN FINAL PENDENTES. Aproximadamente tres semanas antes da terceira avaliación (Todos os contidos)

II.FORMA DE CADA UNHAS DAS PROBAS PARCIAIS DA RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Forma de cada unha das probas parciais:

Terá a seguinte forma:

- Proba con preguntas a partir dun texto. Estas preguntas poden ser: de identificar respostas verdadeiras e falsas, de desenvolvemento, de encher ocos, de unir entre varias cuestións identificables, ou ben a partir dun caso resolto establecer cal das respostas que se acompañan é a correcta. En cada pregunta se indicará o seu valor ou se non se indica entenderase que todas valen o mesmo.

A AVALIACIÓN desta proba será a media entre a nota acadada en cada un dos parciais.

O alumnado que non supere a media dos parciais debe presentarse á Proba final de pendentes.

O alumnado deberá facer un seguimento preciso da información que se publicita nesta páxina virtual, na aula Pendentes.

Departamento de Filosofía. Pendentes curso 2023-24.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursoe e a convivencia.

2) Adequación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual. NON PARA BAC

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...) NON PARA BAC

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social			X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico				X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ademais dos elementos transversais recollidos arriba, as esixencias desta materia na educación ética e cívica do alumnado esixen, ante todo, un cumprimento dos valores de tolerancia, multiculturalismo, respecto aos demais, coigualdade, convivencia pacífica e respaldo aos valores expresados e recollidos nos DDHH como mínimos de esixencia ética e moral e base para asentar todo pensamento autónomo e crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa Quérote Xunta de Galicia.	Programa Quérote da Xunta de Galicia. Previsión de asistencia de 3º e 4º da ESO.		X	
Outras actividades que se vaian presentando como propostas ao longo do curso.	Aquí entendemos as posibles propostas educativas e formativas que, descoñecidas neste momento, poidan aparecer ao longo do curso e o Departamento ou ben o Centro consideren de especial valía formativa e enriquecedoras do curriculum para o alumnado de 3º da ESO.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado .

Descrición:

A forma dos indicadores será en rúbrica con escala de 4 niveis de consecución. Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e se anortaran datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados